



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA SOLICITA PARTICIPAR NA ELABORACIÓN DO PLAN  
PROVINCIAL DE RESIDUOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Xa que a Deputación Provincial de Pontevedra está a elaborar un plan que afecta á xestión de residuos sólidos, a APDR ven de solicitar a súa participación na elaboración do mesmo co obxecto de aportar as súas propostas de cara a conseguir un modelo de xestión sostible que, mellorando a situación actual, resulte beneficioso para o medio ambiente e para a sociedade.

Na Asociación Pola Defensa da Ría, que se ten mobilizado dende fai moitos anos co obxectivo de favorecer un modelo de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) sostible somos conscientes de que actualmente a produción de residuos está a ser un dos problemas ambientais máis graves dos que ten planteada a nosa sociedade xa que, directa ou indirectamente, está a provocar agotamento de recursos, contaminación da auga e atmosférica, destrución de solos e ecosistemas e destrución e desaproveitamento de materiais útiles.

A elaboración deste plan por parte da Deputación é si dúbida unha oportunidade para mellorar a xestión no camiño cara un sistema sostible tanto na produción como na recollida e tratamento de residuos, unha propiedade que non se debería desaproveitar.

Na actualidade o sistema que implica á produción, recollida e tratamento de residuos resulta ineficaz tanto no económico, xa que se produce unha escasa valorización dos residuos, favorecendo o esgotamento de recursos e os danos asociados, como no ambiental, ao non promoverse suficientemente a redución na produción, a separación, a reciclaxe, a reutilización e a transformación. Non cabe dúbida de que a modificación de este escenario reportará importantes beneficios económicos e ambientais.

Neste sentido, ao entender da APDR, faise necesario planificar e adoptar medidas dirixidas á redución da produción de residuos, e así ben de propoñelas por escrito á Deputación de Pontevedra, baseadas na educación ambiental pero tamén no estímulo á redución na produción de envases, á adquisición de produtos con baixo nivel de envasamento e á reutilización de envases. A tendencia ao sobreenvasado e á utilización de envases rexeitables, favorece a produción dunha maior cantidade de residuos mentres que procurar un envasado racional permitirá reducir a súa cantidade.

A reciclaxe debe facilitarse cunha separación en orixe que maximice o aproveitamento e valorización dos compoñentes dos residuos unha vez producidos. Ao entender da asociación deben fortalecerse as campañas que promoven unha correcta separación facilitando á cidadanía que esta se realice de forma eficaz.

A xestión de residuos non pode implicar un dano ambiental asociado como o que se orixina ao transportar grandes distancias os residuos, producindo un innecesario consumo enerxético e unha innecesaria contaminación, tampouco a degradación asociada á acumulación de RSU sen clasificar en vertedoiro nin a contaminación inherente á súa incineración. A APDR propón un sistema de xestión o máis descentralizado posible que minimize os custos de transporte e a contaminación, evitando o depósito en vertedoiro como sistema absolutamente inviable no futuro.



A compostaxe da materia orgánica é sin dúbida a mellor alternativa para o aproveitamento dos compoñentes que a constitúen e que supoñen agora aproximadamente a metade do peso do lixo e podería supoñer unha porcentaxe maior si se conseguira reducir o resto dos seus compoñentes; unha boa compostaxe de residuos orgánicos, baseada nunha boa separación dos mesmos, permite elaborar un produto de alta calidade e de indubidable valor económico e assimilar estes residuos aos ciclos naturais. A actuación diferenciada no eido rural e no urbano permitirá un mellor rendemento na xestión dos residuos orgánicos; debe buscarse para a compostaxe a combinación de residuos de diferentes orixes que permita o máximo rendemento do proceso. A APDR propón a compostaxe para os residuos orgánicos, procurando a máxima descentralización posible, buscando a masa crítica que permita a optimización e a máxima rentabilidade dos sistemas de xestión e o mínimo transporte para os residuos.

A Asociación Pola Defensa da Ría ven de transmitir por escrito a necesidade de apostar por este modelo de xestión dos RSU e, ao tempo, de solicitar que se lle permita participar e se lle de audiencia na elaboración do plan.